



## A LA MESA DEL CONGRESO

**El diputado del BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, al amparo de cuanto se establece en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la reducción de servicios bancarios en Galicia, en especial en el ámbito rural.**

La crisis financiera de 2009 provocó políticas de austeridad en el Estado español con duros recortes económicos, laborales, sociales y financieros. Una de las medidas aprobadas fue el Real Decreto Ley que creó el Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria (FROB) en junio de 2009, que supuso la eliminación de las Cajas de Ahorros e inició el camino hacia una mayor concentración del sistema bancario en grandes monopolios bancarios, que todavía hoy continúa avanzando.

Las cajas de ahorros cumplían una función social y cultural, ya que permitían centralizar el ahorro y devolverlo a la sociedad en el propio territorio. Además contaban con una amplia red de sucursales y con una importante presencia en la mayoría de ciudades y pueblos, también en zonas rurales, priorizando el servicio público sobre el lucro y el negocio.

No obstante, con el avance de la concentración bancaria, que ahora amenaza con agravarse con la OPA lanzada por BBVA sobre el Banco Sabadell, se ha producido, como ya había advertido el BNG, el cierre de oficinas y sucursales, y, por tanto, la reducción y dificultad de acceso de una gran parte de la población a los servicios financieros.

La eliminación de oficinas supone, sobre todo en zonas rurales, una desventaja importante, pues imposibilita realizar transacciones presenciales o incluso acceder a un cajero automático que, en muchas ocasiones, tampoco se mantienen.

La situación es aún más compleja en el caso de personas con dificultades de movilidad o de acceso a servicios digitales. A todo se suma la consiguiente reducción y precarización de muchos puestos de trabajo en el sector bancario.

La necesidad de garantizar servicios financieros accesibles llevó al Gobierno a anunciar la instalación de cajeros automáticos a través de la Entidad Estatal Correos, un total de 80 dispositivos, al menos sobre el papel, en diferentes zonas de Galicia.



Conviene recordar que compartimos la necesidad de que el nivel mínimo de servicios públicos esté garantizado por las administraciones, incluidas las financieras, y a tales efectos, Correos podría tener una función muy relevante, pero no puede limitarse a instalar cajeros automáticos, sino que debería apostar por una banca pública real, como en su momento lo fue la Caja Postal.

En el momento actual, en lugar de seguir avanzando en esa dirección, Correos está retrocediendo y reduciendo, dado que se están desmantelando los cajeros automáticos que se acababan de instalar en algunos términos municipales.

Actualmente en Galicia hay 54 municipios sin ninguna oficina bancaria y 131, de un total de 315, cuentan únicamente con una sucursal. Se estima que desde 2008 han desaparecido el 60% de las sucursales y oficinas bancarias. Esta carencia es particularmente difícil de gestionar dada la elevada dispersión poblacional de Galicia, la mayor de todo el Estado y que dificulta aún más el acceso a los servicios bancarios de toda la población sin discriminación. El problema afecta en concreto a las personas mayores de las zonas rurales y de los pequeños municipios donde es complicado que se asiente una población si no hay acceso a servicios básicos como los bancarios.

Por todo ello, el Gobierno debe actuar, dentro de sus competencias, para garantizar el acceso a los servicios bancarios de los ciudadanos, en especial, en las zonas rurales, empezando por el mantenimiento y ampliación de los cajeros automáticos en las oficinas de Correos a la vez que avanza en la promoción de una verdadera banca pública que pueda garantizar la igualdad en el acceso a la banca e incluso legislar para exigir a las entidades bancarias, aquellas que fueron rescatadas en su momento con dinero público que aún no han devuelto, que mantengan unos servicios mínimos en todo el territorio.

**Por todo lo expuesto, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Son ustedes consciente de las graves consecuencias que está teniendo la eliminación de sucursales bancarias derivada del proceso de concentración bancaria que impulsa el Gobierno?
2. ¿Comparten la necesidad de actuar para revertir los recortes y desaparición de los servicios bancarios en Galicia, donde actualmente no hay oficinas bancarias en 54 municipios mientras que 131 solo cuentan con una oficina?
3. ¿No consideran que esta situación constituye una discriminación para la población, en especial para aquella de de las zonas rurales, a quienes no se les garantiza el acceso a



servicios bancarios esenciales?

4. ¿Después de haber invertido más de 60 000 millones de dinero público en el rescate de la banca y no haber recuperado ni el 10%, no cree el Gobierno que se debería exigir a las entidades financieras cláusulas de servicio público en las zonas rurales?
5. ¿Se restablecerán los cajeros multiservicio de Correos en los municipios donde se están desmantelando? ¿Se avanzará en la creación de un verdadero banco público a través de Correos o del ICO para la prestación de servicios bancarios básicos?
6. ¿Cuál es la voluntad del Gobierno para garantizar que toda la población tenga acceso igualitario a los servicios bancarios sin tener que desplazarse kilómetros para obtener dinero en efectivo? ¿Sabían que no toda la población puede acceder a los servicios bancarios en línea, en concreto las personas mayores?
7. ¿Adoptará el Gobierno medidas para revertir las consecuencias negativas de la concentración bancaria y para la recuperación de los servicios bancarios públicos?

Madrid, 20 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2025 19:43:59

Entrada **69227**

reducción de servizos bancarios na Galiza, especialmente no  
ámbito rural

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á redución de servizos bancarios na Galiza, especialmente no ámbito rural.**

A crise financeira de 2009 derivou no Estado español en políticas austericidas de duros recortes económicos, laborais, sociais e financeiros. Unha das medidas aprobadas foi o Real Decreto Lei que creaba o Fondo de Reestructuración Ordeada Bancaria (FROB) en xuño de 2009 que supuxo a eliminación das Caixas de Aforro e iniciou o camiño cara unha maior concentración do sistema bancario en grandes monopolios bancarios, que aínda continúa avanzando a día de hoxe.

As caixas cumprían unha función social e cultural, pois permitían centralizar e facer retorno social do aforro no propio territorio. Ademais contaban cunha ampla rede de sucursais e cunha grande implantación na maior parte de cidades e vilas, máis tamén no ámbito rural, primando o servizo público por riba do lucro e do negocio.

Porén, co avance da concentración bancaria, que agora ameaza con empeorar coa opa do BBVA sobre o Banco Sabadell, produciuse tal e como xa advertira o BNG, o fechamento de oficinas, fechamento de sucursais e, por tanto, a redución e dificultade de acceso para unha grande parte da poboación aos servizos financeiros.

A eliminación de oficinas implica, especialmente no ámbito rural, un importante prexuízo, pois imposibilita a realización de xestións presenciais ou mesmo o acceso a un caixeiro automático que, en moitas ocasións, tampouco se mantén.





Situacións máis complexas no caso de persoas con dificultades de mobilidade ou de acceso aos servizos dixitais. Ademais da consecuente redución e precarización de moitos postos de traballo no ámbito da banca.

A necesidade de garantir os servizos financeiros accesíbeis levou a que o Goberno anunciase a instalación de caixeiros a través da Entidade Estatal Correos, un total de 80 dispositivos, cando menos sobre o papel, en diferentes áreas da Galiza.

Cabe lembrar que partillamos a necesidade de que se garanta o nivel mínimo de servizos públicos por parte das administracións, tamén os financeiros e, para isto, efectivamente, Correos podería ter un papel moi relevante, pero que non pode ficar só na instalación de caixeiros senón en apostar por unha verdadeira banca pública como xa o foi no seu momento a Caixa Postal.

Mais agora, en lugar de seguir avanzando neste sentido, Correos está a retroceder e recortar pois están a desmantelar os caixeiros automáticos acabados de instalar nalgúns concellos.

Na actualidade na Galiza hai 54 concellos sen ningunha oficina bancaria e 131, dun total de 315, contan só cunha sucursal. Desde o ano 2008, calcúlase que desapareceron 60% das sucursais e oficinas bancarias. Unha carencia que é especialmente difícil de xestionar atendendo a elevada dispersión poboacional da Galiza, a maior de todo o Estado e que dificulta, aínda máis, o acceso aos servizos bancarios de toda a poboación sen discriminacións. Un problema que afecta sobre todo ás persoas maiores do ámbito rural e aos pequenos concellos onde dificilmente se vai fixar poboación se non se existe un acceso a servizos básicos como os bancarios.

Por todo isto o Goberno debe actuar, dentro das súas competencias, para asegurar o acceso aos servizos bancarios por parte da cidadanía, especialmente no ámbito rural, a comezar polo mantemento e extensión de caixeiros nas oficinas de Correos ao tempo que se avanza no impulso dunha verdadeira banca pública que poda garantir a igualdade no acceso á banca e mesmo para legislar para exixir ás entidades bancarias, esas que foron rescatadas no seu momento



con cartos públicos e que aínda non devolveron, a manter servizos mínimos en todo o territorio.

**Por todo o exposto, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. É consciente das graves consecuencias que está a ter a eliminación de sucursais bancarias consecuencia do proceso de concentración bancaria amparada polo Goberno?
2. Comparte a necesidade de actuar para revertir o recorte e desaparición de servizos bancarias na Galiza en que, actualmente non hai oficinas bancarias en 54 concellos mentres que 131 so contan cunha oficina?
3. Non considera que esta situación supón unha discriminación para a poboación, especialmente para a do ámbito rural, que non ten garantido o acceso aos servizos bancarios que son esenciais?
4. Despois de ter investido máis de 60.000 millóns de diñeiro público no rescate bancario e non ter recuperado nin o 10%, non cre o Goberno que se deberían exixir ás entidades financeiras cláusulas de servizo público no rural?
5. Vai recuperar a operatividade dos caixeiros multiservizo de Correos nos concellos onde se están a desmantelar? Avanzará na creación dunha verdadeira banca pública a través de Correos ou do ICO para a prestación de servizos básicos de banca?
6. Que disposición ten o Goberno a asegurar a toda a poboación en igualdade de condicións o acceso aos servizos bancarios sen que lle supoña o desprazamento a quilómetros de distancia para poder obter diñeiro en efectivo? É consciente de que non toda a poboación pode acceder online a servizos bancarios, nomeadamente as persoas maiores?



7. Adoptará o Goberno as medidas para revertir as negativas consecuencias da concentración bancaria e para a recuperación de servizos bancarios públicos?

Madrid, a 20 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**